



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ANUNCIO

Mediante resolución da alcaldía deste concello do día 28/11/2017 adoptouse o seguinte acordo

„”

Vista a resolución do xefe territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que lle concede ao concello de Muros unha subvención por un importe de 22.500,00 Euros para a contratación durante nove meses de dous traballadores/as desempregados para a execución do servizo “Revalorización dos espazos públicos urbanos”, segundo a subvención solicitada ao abeiro da Orde do 29 de agosto de 2017 (dog nº 171 de 8 de setembro de 2017).

RESOLVO

1. - Presentar a oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia para a contratación de dous peóns de obras públicas durante nove meses a xornada completa, en base á subvención concedida ao Concello de Muros ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 29 de agosto de 2017 (DOG nº 171 de 08/09/2017), segundo o previsto no artigo 14 da citada Orde.

2. APROBAR AS BASES QUE HAN DE REXER A SELECCIÓN DE DOUS PEÓNNS OBRAS PÚBLICAS DURANTE NOVE MESES EN BASE A SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL.

1º. Obxecto da convocatoria.

Ten por obxecto esta convocatoria, a selección para a contratación temporal a tempo completo mediante contrato de duración determinada de interese social de dous peónns obras públicas durante nove meses. A xornada será de luns a domingo cos descansos que establece a lei. As funcións a realizar serán as tarefas previstas no proxecto “Revalorización dos espazos públicos urbanos” polo cal se concedeu dita subvención. Este proxecto rematará aos nove meses do seu comezo

2º.- Sistema de selección.

O sistema de selección será de concurso-oposición, que se valorará de acordo co baremo establecido no punto 6 destas bases.

3º Requisitos das persoas aspirantes.

Para a admisión das persoas aspirantes deberán de cumprir os seguintes requisitos

a) Non padecer enfermidade nin estar afectadas por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións propias do posto de traballo,



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

b) Non ter sido separadas do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitadas, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

c) Estar inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, e manter dita condición ata o momento da realización do contrato laboral.

d) Non haber sido contratado por un período superior ou igual a seis meses no ano 2016 con cargo as axudas en materia de políticas activas de emprego, segundo o previsto no artigo 14,2 da Orde que regula esta subvención.

4º. Admisión de persoas aspirantes.

Recibida a relación de candidatos/as do Servizo Público de Emprego, publicarase na páxina web a relación de candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, sinalando a data de realización do primeiro exame. Os aspirantes deberán de acreditar antes da realización do primeiro exame que cumpren os requisitos previstos no punto 3 destas bases así como dos méritos que se queiran alegar en relación ao punto 6º destas bases.

5º. Tribunal cualificador.

5.1 O tribunal de selección estará composto por:

PRESIDENTE: Joaquin Jose Barreiros Pais, xefe da brigada de Medio Ambiente do concello de Muros; suplente, Armindo Fernández Fernández, mecánico condutor do Concello de Muros

SECRETARIO: Eva Tajés Pérez, auxiliar administrativa do Concello de Muros; suplente, Enrique Carou Peón, delineante do Concello de Muros

VOGAL: Cesar Pais Martínez; oficial condutor tractor do Concello de Muros; suplente, Jose Manuel Lago Lago, oficial condutor do Concello de Muros.

5.2 Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándoo á Sra. alcaldesa cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando neste concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

5.3 O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de polo menos dous dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia da presidencia e da secretaría ou dos/as que legalmente as substitúan.



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

6.-Procedemento selectivo.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único mediante anuncio na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, quedando decaídas no seu dereito as persoas opositoras que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo os/as aspirantes acadar ata un máximo de 26 puntos, e que se desenvolverá como se detalla a continuación:

O tribunal publicará todos os acordos na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello de Muros.

A. Fase de oposición: Esta permitirá acadar un máximo de 22 puntos

a) Primeiro exercicio:

Consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo de media hora, dun cuestionario tipo test de 20 preguntas relacionadas co programa anexo ás bases.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 10 puntos, debendo os/as aspirantes obter un mínimo de 5 puntos para superalo. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,5 puntos, mentres que as erradas restarán a puntuación en 0,10 puntos.

Unicamente se publicarán as cualificacións dos/as aspirantes que superaron cada proba, o que se fará mediante anuncio no taboleiro e na páxina web do Concello de Muros, dispoñendo a persoa candidata dun día hábil para presentar as reclamacións que considere oportunas.

b) Segundo exercicio:

Consistirá na realización dunha proba práctica sobre as funcións a desenvolver e relacionadas co programa anexo ás bases. Nesta proba valorarase a destreza na realización das tarefas, coñecemento e uso de ferramentas e na claridade das explicacións sobre a materia. A duración máxima deste exercicio será de 30 minutos.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 10 puntos, debendo os/as aspirantes obter un mínimo de 5 puntos para superalo.



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

Unicamente se publicarán as cualificacións dos/as aspirantes que superaron cada proba, o que se fará mediante anuncio no taboleiro e na páxina web do Concello de Muros, dispoñendo a persoa candidata dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas.

c) **Terceiro exercicio:**

Consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo de 15 minutos, dun cuestionario tipo test de 10 preguntas relacionadas co coñecemento do idioma galego.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e non eliminatorio e a súa puntuación será de 0 a 2 puntos. Cada resposta correcta terá un valor de 0.2 puntos.

De conformidade co establecido no art. 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, estarán exentos da realización deste exame as persoas que acrediten a posesión do certificado Celga 2 ou documento equivalente, obtendo a cualificación de 2 puntos.

B.- Fase de concurso de méritos:

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso. Esta permitirá acadar ata un máximo de 4 puntos e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

-Experiencia profesional:

Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes características: 0,20 puntos por mes de servizo, ata un máximo de 3 puntos. Xustificarse por medio de informe de vida laboral e certificado de empresa ou contrato de traballo.

-Carne de conducir:

Os aspirantes que estean en posesión do carne de conducir tipo B, valorarase con 1 puntos

No caso de existir empate na puntuación final dos/as aspirantes, establécese, con carácter supletorio, e como criterio de prioridade a obtención da nota máis alta no primeiro exercicio da oposición e, de ser preciso, nos sucesivos segundo a orde establecida nestas bases. Se continúa o empate, optarase polo maior tempo sen traballar do/a aspirante que se acreditará coa vida laboral. O tribunal sinalará os candidatos ou candidatas que deben presentar o informe de vida laboral.

7.- Resolución.

Concluído o proceso selectivo, o tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada persoa por orde decrecente no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web: www.muros.gal, propoñendo aos candidatos seleccionados, establecendo un prazo de dous días naturais dende e a publicación da lista para presentación de reclamacións, no caso de existiren estas reunirase novamente o tribunal para resolvelas.



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

Co resto de persoas candidatas formarase unha bolsa de traballo para cubrir posibles renuncias, vacacións, permisos, incapacidades ou outras vacantes ou para atender necesidades imprevistas dos/as traballadores/as contratados en base a esta subvención.

A comunicación da selección da persoa candidata realizarase telefonicamente, deixando constancia do resultado do chamamento polo/a traballador/a que a realiza.

Se a persoa candidata rexeita a contratación pasará ao final da lista. O chamamento farase sempre empezando pola primeira persoa dispoñible na lista.

Aprobada por Decreto da Alcaldía, a proposta do tribunal, notificarase ás persoas interesadas para que subscriban o contrato laboral. As persoas candidatas que rematen o contrato laboral volverán á posición que tiñan antes na lista.

8º. Incidencias.

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas.

9. Normativa aplicable.

O proceso selectivo rexerá polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

10. Recursos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os anteditos prazos contarán desde o día seguinte á publicación da resolución.

Si se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao Contencioso-Administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, vostede pode entender desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.

ANEXO I. TEMARIO

Tema 1. Materiais e ferramentas utilizadas na construción. O formigón.

Tema 2. EPIS utilizados na construción. Prevención de Riscos Laborais.

Tema 3. Diferentes elementos na construción. Muros, tabiques e paredes.

Tema 4. Canalizacións de augas pluviais e residuais.

Tema 5. Toponimia do Concello de Muros.

Tema 6. Ferramentas de limpeza medioambiental, tipo, usos, mantementos.

Tema 7. Ferramentas de carpintería. Tipos, usos e mantemento